



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 12/01/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 12/01/2023, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 22/12/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 22/12/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

2.1) LICENZA DE EDIFICACIÓN



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A) EXPEDIENTE: 2022/U022/000010

Visto o escrito co número 2022/000/00000940 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 27/05/2022, presentado por **GONZALO SANTOS BUITURÓN**, no que solicita licenza de obras de Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar (Referencia Catastral número: 15038A502006470000DQ), en base ao proxecto básico visado segundo PB de data Decembro 2020, redactado polo arquitecto José Antonio Calvo Blanco, colexiado 1.376 do COAG e Título "PROYECTO BÁSICO PARA REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR"

Visto o informe de subsanación de data 13/07/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que co número 2022/000/00000455 (RS) de 13/07/2022, diríxese oficio a Gonzalo Santos Buiturón, requiríndolle a presentación de documentación complementaria solicitada no informe técnico de 13/07/2022.

Considerando que co número 2022/000/00000467 (RS) de 15/07/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da xunta de Galicia, solicitándolle o correspondente informe sectorial.

Resultando que con data 18/08/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolve autorizar as obras de reforma de vivenda unifamiliar, coas condicións que constan no informe.

Resultando que con data 5/09/2022, a Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, dependente de Augas de Galicia, resolve outorgar autorización a Gonzalo Santos Buiturón.

Considerando que co número 2022/999/00000804 (R.T.E.) de 22/09/2022, José Antonio Calvo Blanco, en representación de Gonzalo Santos Buiturón, presenta a documentación complementaria solicitada.

Visto o informe de subsanación de data 3/10/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que require nova documentación para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que co número 2022/000/00000646 (RS) de 4/10/2022, diríxese oficio a Gonzalo Santos Buiturón, requiríndolle a presentación de documentación complementaria solicitada no informe técnico de 3/10/2022.

Considerando que co número 2022/999/00000991 (R.T.E.) de 30/11/2022, Basilio Canosa Díaz, contesta ao requirimento e presenta documentación complementaria solicitada.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando que co número 2022/999/00001052 (R.T.E) de 27/12/2022, José Antonio Calvo Blanco, en representación de Gonzalo Santos Buiturón, contesta ao requirimento e presenta documentación complementariasolicitada.

Visto que con data 3/01/2023, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, informa favorablemente o proxecto.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 3/01/2023, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a GONZALO SANTOS BUITURÓN, Licenza Urbanística para a Rehabilitación e Reforma de Vivenda Unifamiliar, e conexións coas redes de abastecemento e saneamento público, (Referencia Catastral número 15038A502006470000DQ:), en base ao proxecto básico visado con data de decembro de 2020, redactado polo arquitecto José Antonio Calvo Blanco, colexiado 1.376 do COAG. Condicionada a:

a) Condicionarse a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

b) Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarase a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.

c) As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, oficio do arquitecto encargado da dirección das obras e autorización municipal para o comezo das obras.

O proxecto de execución xustificará o cumprimento das condicións impostas polo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, consistentes en:

CUBERTAS

- A tella cerámica a empregar será en cor Vermella.

- Coidarase que, de colocar fibrocemento baixo a tella, este non quede visible ao exterior.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Cando haxa que construír novas chemineas para a evacuación dos gases da nova cocina ou da caldeira de calefacción, tratarase de que estas non lle resten importancia á cheminea orixinal da casa, reducirase o seu volume e utilizaranse solucións o mais discretas posible. O acabado das chemineas debe estar en consonancia coa tipoloxía da edificación, os aparellos dos seus muros e os seus acabados. Nas novas chemineas deben evitarse as solucións falsas, en particular os chapados que revisten chemineas construídas en ladrillo para que semellen ser de cachotería ou de cantería. Unha solución adecuada para as chemineas de ladrillo é gornecelas con morteiro de cal ou morteiro bastardo e pintalas.

CARPINTERIAS

- Para evitar os problemas de mantemento derivados da utilización de vernices recoméndanse a protección dos elementos de madeira ao exterior mediante pinturas, que ao estar pigmentadas teñen una resistencia aos raios ultravioleta moi superior á dos vernices, e que se manteñen en boas condicións durante períodos de máis de dez anos.

- Outros produtos para o acabado superficial da madeira son os lasures que se caracterizan por non formar capa sobre a superficie da madeira, facilitando o mantemento por aplicación dunha nova capa sobre a anterior sen necesidade de eliminar as capas vellas. Os lasures incorporan pigmentos, o que os fai resistentes aos raios ultravioleta, e elementos fungicidas e insecticidas que achegan una protección adicional fronte aos fungos e insectos xilófagos.

- O criterio que se vai seguir nas portas é similar ao adoptado nos outros elementos de madeira. Cando sexa posible a reparación das portas orixinais, substitúense as partes deterioradas por outras novas, esta é a opción máis adecuada. Cando o estado de deterioración das portas orixinais sexa tan avanzado que as faga irrecuperables, recoméndase a súa substitución por outras, tamén de madeira, de características similares ás das orixinais. Cando se opte pola utilización de deseños contemporáneos, estes deben ser acordes coas características de sobriedade e sinxeleza dos deseños da arquitectura tradicional.

- De preverse persianas, colocaranse polo interior da carpintería e a súa caixa quedará oculta no interior, invisible ao exterior das fachadas, e non reducirá a superficie do oco, de xeito que se garanta a uniformidade desde o exterior dos ocós.

FACHADAS

- Os canles de sección semicircular e baixantes de pluviais de sección circular de aceiro galvanizado, ao estar protexido por unha capa de cinc, co paso do tempo tórnase dunha cor branca agrisada que harmoniza ben cas cores claras dos morteiros tradicionais e cas cores da pedra.

- Cando sexa necesario eliminar morteiros en mal estado substituiranse por morteiros de cal ou, no seu defecto, morteiros bastardos de cal e cemento, e evitarase a utilización de morteiros de cemento.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Na fachada principal dado o seu interese compositivo e arquitectónico, que dá á rúa San Salvador manteranse e respetaranse todos os ocós existentes, nas dúas prantas, os novos ocós serán da mesma proporción que os existentes.
- Na fachada posterior os novos ocós serán da mesma proporción que os existentes.
- A vivenda tradicional ten como data de construción o ano 1900 segundo a referencia catastral 15038A502006470001FW, polo que a varanda do corredor será de madeira, e o deseño estará de acordo cos da contorna próxima.
- Poderase repetir o corredor da fachada principal na fachada posterior e a varanda do corredor será de madeira, e o deseño estará de acordo con os da contorna próxima.

ESTRUTURA

- En xeral en vivendas tradicionais, como esta que nos ocupa, considérase preferente manter a estrutura de madeira. Valorarase o estado previo de elementos existentes de madeira, especialmente dos elementos principais (vigas, trabes, ...) cuxa recuperación será preferible á súa substitución. Se a deterioración da estrutura existente a fixera irrecuperable, admítase como alternativa un sistema similar de vigas de ferro e forxado colaborante, de xeito que se conserve o sistema estrutural de elementos de pequena sección apoiados nos muros de cachotaría de pedra que sexa posible dásele prioridade á recuperación das estruturas de madeira tradicionais fronte á súa substitución.
- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarse decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.
- As áreas destinadas a amorear material, paso de maquinaria, colectores de residuos e estacionar os vehículos vinculados coas obras situaranse fóra do Camiño de Santiago e apartados da visión desde este, así como fóra dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.

d) O proxecto de execución incluírá a partida correspondente para a execución da obra urbanizadora prevista, así como da reposición do pavimento afectado.

e) En atención o indicado no artigo 24.2 da LSG que regula o "Régime e condicións de edificación no solo de núcleo rural" establece o seguinte: "cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso". As cesións a realizar en aplicación do establecido do artigo 24.2. da LSG con respecto á estrada de titularidade municipal con código 299 no inventario municipal de Bens que obra neste Concello. En atención o proxecto presentado **a superficie de cesión é de 26,00m².**

2º) O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de noventa e cinco mil trescentos cincuenta euros con corenta céntimos (95.350,00 €).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011, é de cento vinte mil novecentos sesenta e catro euros con noventa céntimos (120.964,90 €) e sobre este importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.

3º) Notificar este acordo ao promotor das obras, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.1) LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN

A) EXPEDIENTE: 2022/U007/000013

Visto o escrito presentado co número 2022/999/0000965 (R.T.E.) de 22/11/2022, por DAVID TRILLO ESTRADA, e a efectos de notificacións telemáticas a través do mail, na que aporta documentación coa finalidade de solicitar a licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar.

Considerando: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 11/10/2013, outorgoulle licenza para a Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar, na parcela con referencia catastral número 15038A502055750000DO (Expediente número 03/2013).

Considerando que co número 2830 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos de data 6/11/2019. Preséntase modificado ao proxecto básico e de execución que obtivo licenza.

Considerando que a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 21/01/2020, concedeu licenza para o modificado ao proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Considerando: Que no expediente consta:

- Certificado final de dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente realizado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, colexiado nº 2181 do COAG e Jesús Baliña Romero arquitecto técnico colexiado nº. 849 do COATIEAC, do 18/11/2022.

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, subscrito pola Dirección Facultativa da obra acompañado pola cualificación da eficiencia enerxética.

- Xustificación de alta en catastro.

Considerando: Que no expediente consta informe favorable emitido o pasado 11/01/2023 polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que da visita de inspección realizada o día 21/12/2022, compróbase que a obra axústase ao proxecto presentado e que obtivo



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

licenza, e que as modificacións realizadas no transcurso da obra non afectan as condicións urbanísticas ou de habitabilidade do inmovible.

Considerando: Que no expediente consta informe xurídico favorable de data 12/01/2023 emitido por Gloria Zúñiga Rial, Administradora Única de Galivalia Consulstgo, S.L., con quen este concello ten subscrito contrato de prestación de servizo de asesoramento técnico xurídico.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a DAVID TRILLO ESTRADA, Licenza de Primeira Ocupación da Vivenda Unifamiliar**, con Referencia Catastral 15038A502055750000DO, xa que se axusta ao proxecto presentado e á modificación do proxecto co que obtivo licenza.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.2) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2022/U026/000171

Visto o escrito co número 2022/999/00001028 (R.E.T.) de data 16/12/2022, presentado por Daniel Juan Benlloch Rivas, e mail a efectos de notificacións telemática, en representación de Josefina Cancela Blanco, de comunicación previa de obras consistentes no desescombro de alicatados e revestimento de madeira da vivenda (Referencia Catastral número 8610614MH7581S0001IU).

Vista a acta de comprobación documental de data 2/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JOSEFINA CANCELA BLANCO, o título habilitante para a realización de obras consistentes no desescombro de alicatados e revestimento de madeira nunha vivenda (Referencia Catastral número 8610614MH7581S0001IU), sempre que se nonse manifesten cara o exterior da edificación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2022/U026/000172

Visto o escrito co número 2022/000800002634 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/12/2022, presentado por INÉS SECUNDINA BUITURÓN NEMIÑA, de comunicación previa de obras consistentes na reparación de gretas e pintado en cor marfil dunha vivenda (Referencia Catastral número 001400300MH75D0001FQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 2/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a INÉS SECUNDINA BUITURÓN NEMIÑA, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación de gretas e pintado dunha vivenda (Referencia Catastral número 001400300MH75D0001FQ), sempre que o RAL a utilizar sexa branco ou de querer pintarse en marfil o RAK a utilizar sexa un dos seguintes incluídos na guía de cor publicada pola Xunta de Galicia (520-Y20R; 520-Y10R; 1020-Y10R).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.3 RETIFICACIÓN DE ERROS

A) EXPEDIENTE: 201/U022/000020

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local na sesión de 13/04/2022, concedeulle a MARIA REY RAMOS, licenza de edificación para a construción dunha vivenda unifamiliar, en base ao proxecto básico redactado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, colexiado COAG número 3442.

No orzamento de execución material da obra consta por error o importe de oitenta e un mil seiscentos sesenta euros e vinte e sete céntimos (81.660,27 €), cando debería constar a cantidade de cento trinta e dous mil oitocentos oitenta e dous euros e setenta céntimos (132.882,70 €) e sobre este novo importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Rectificar o orzamento de execución material da obra consistente na construción dunha vivenda unifamiliar, enbase ao proxecto básico redactado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, colexiado COAG número 3442.

2º) Xirar nova liquidación a María Rey Ramos, en base aorramento de execución de centro trinta e dous mil oitocentos oitenta e dous euros e setenta céntimos (132.882,70 €) para o cálculo do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) e da tramitación do expediente.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) ASUNTOS VARIOS.

3.1) VISADO MUNICIPAL DE LICENZA DE TAXI

EXPEDIENTE: 2023/X999/000010

Vista o escrito co número 2022/000/00002686 (RE) de 30/12/2022, presentado por Francisco Marcote Senlle, no que como titular da licenza de taxi número 3, declara que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenza da que é titular, e que dispoñe da documentación que así o acredita, a quepoñerá a disposición da Administración cando se lle requira e que se compromete a mantela ata o vindeiro visado, polo que solicita deste concello que proceda a realizar a correspondente anotación de dita declaración no Rexistro de Títulos Habilitantes que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten habilitado (RTAXI).

De conformidade co establecido no artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Realizar a correspondente anotación da declaración realizada por Francisco Marcote Senlle, no Rexistro de Títulos Habilitantes que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten habilitado (RATXI), en relación coa licenza de taxi número 3 do concello de Fisterra.

2º) Notificar este acordo ao interesado para co seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que conta este acordo poida interpoñer.

3.2) HORARIO ESPECIAL PARA FESTEXOS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2023/X999/000001

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000068 (RE) de 10/01/2023 por EVA MARIA SENLLE BUITURON, en nome e representación da ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882 no que con motivoda celebración dos festexos en honor a San Vicente de Duio, solicita a ampliación do horario de peche para os días 20 e 21/01/2022.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por EVA MARIA SENLLE BUITURON en nome e representación da ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882, e autorizar a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do espectáculo público da festividade de San Vicente de Duio, que se realizará no campo da festa do lugar de Ermedesuxo de Abaixo deste termo municipal os días 20 e 21/01/2023.

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 4:00 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de finalización do espectáculo queda establecido nas 6:30 horas. A esta hora iníciárase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.3) RESERVAS DE VIA PÚBLICA

A) BAIXA DA RESERVA DA VÍA PÚBLICA 4-2019

EXPEDIENTE: 2023/V008/000001

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00002678 (RE) de 29/12/2022, por Juan Francisco Traba Martínez, no que solicita a baixa no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2023, da reserva permanente (24 horas) número 4-2019, cunha superficie de 3 m2 na rúa Cerca desta vila,

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa a Juan Francisco, como titular da reserva permanente (24 horas) número 4-2019, no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2023.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.4) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000081 (RE) de 10/01/2023, por M. L. S., no que solicita unha axuda económica para gastos de manutención.

Visto o informe de data 11/01/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. L. S., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000082 (RE) de 10/01/2023, por A. V. A., que solicita unha axuda económica para gastos de necesidades básicas.

Visto o informe de data 11/01/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a A. V. A., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

C) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000092 (RE) de 12/01/2023, por E. D. L., no que solicita unha axuda de emerxencia social para bens de primeira necesidade.

Visto o informe de data 12/01/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a E. D. L., unha axuda económica única por importe de cincocentos euros (500,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

3.5) SOLICITUDES DE SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

A) Visto o expediente iniciado co número 2023/000/00000103 (RE) de 12/01/2023, a petición de D. M. Q., no que solicita o Servizo de Axuda no Fogar.

Visto o informe de data 12/01/2023, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que "precisa axuda para case todas as actividades, tanto básicas como instrumentais da vida diaria. A filla, encargada de atendela, tivo un accidente con rotura do brazo dereito, e non o



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de facerse cargo da atención da solicitante”, polo que se realiza proposta de atención domiciliaria positiva para a atención durante 1 hora diaria de luns a venres.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluír a D. M. Q., na lista de espera do Servizo de Axuda no Fogar, e tan pronto como sexa posible concederlle este servizo durante 1 hora diaria, que se establecerá segundo a dispoñibilidade da axenda do devandito Servizo de Axuda no Fogar.

2º) Correspóndelle participar no custo do servizo cun 10%, é dicir, 1,20 €/hora.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.